



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Prestación de servizos públicos e o seu financiamento

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria Autonómico

GRUPO: Consellería de Facenda e Administración Pública

ÁREA: Consellería de Facenda e Administración Pública

| | | | | | |
|-------------------------|----------------|-------------------|---------------|------------------|------|
| CUALIFICACIÓN: | APROVEITAMENTO | PLAN: | F. FINALISTAS | HORAS: | 50 |
| ADMINISTRACIÓN: | AUTONÓMICA | ESTADO: | CONVOCADO | ANO: | 2023 |
| MOD.IMPARTICIÓN: | TELEFORMACIÓN | TIPOLOXÍA: | ESPECÍFICO | EDICIÓNS: | 1 |

DATA MATRÍCULA: Do 11/03/2023 - 08:00h ao 20/03/2023 - 23:55h

RESPONSABLE: LAFONT SENDINO, MARÍA SONIA [sonia.lafont.sendino@atriga.es]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Coñecementos da regulamentación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Coñecementos, difusión e aplicación de criterios uniformes na aplicación dos instrumentos financeiros. Promoción dos medios telemáticos como instrumento eficaz da xestión destes ingresos.

Dar a coñecer a regulamentación dos instrumentos financeiros polos que se financia a prestación de servizos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Obter unha xestión eficaz e eficiente destes no ámbito da Administración da Xunta de Galicia con aplicación de criterios uniformes. Fomentar o emprego dos medios electrónicos como instrumento eficaz da súa xestión.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

MÓDULO I

Tema 1: Prestación de servizos públicos e realización de actividades públicas e o seu financiamento. Evolución histórica. Cambio de modelo na intervención da administración a partir da Directiva de servizos. A administración electrónica. As distintas formas de prestar os servizos públicos e o seu financiamento.

Tema 2: Delimitación do ámbito subxectivo da prestación dos servizos públicos na lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

MÓDULO II

Tema 3: A lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Instrumentos financeiros e instrumentos reguladores. Réxime orzamentario. Principio de non afectación. Aplicación obrigatoria. Réxime xurídico.

Réxime de responsabilidades.

Tema 4: Os custes da prestación dos servizos públicos. Elaboración de memorias económicas. Determinación do custe unitario e tarifa. Cómputo da subvención reguladora. MÓDULO III

MÓDULO III Tema 5: Instrumentos financeiros: taxas e prezos. Diferenciación.

Principios dos instrumentos financeiros.

Tema 6: Elementos esenciais dos instrumentos financeiros; réxime xurídico; réxime da revisión dos actos de liquidación dos instrumentos financeiros.

MÓDULO IV

Tema 7: Taxas. Concepto. Principios. Réxime xurídico. Devindicación. Cuantificación. Réxime sancionador. Prescrición. Revisión.

Tema 8: Taxa por servizos administrativos: elementos esenciais e supostos. Taxa por servizos profesionais e as súas modalidades: elementos esenciais e supostos.

MÓDULO V

Tema 9: Taxa por venda de bens: elementos esenciais e supostos. Taxa de dominio público: elementos esenciais e supostos.

Tema 10: Prezos públicos. Prezos privados. Diferenza con ingresos patrimoniais e outros ingresos de dereito privado.

MÓDULO VI

Tema 11: Aplicación de taxas: Xestión, inspección. Aplicación de prezos públicos: xestión e inspección. Potestade sancionadora e o seu exercicio.

Tema 12: Aplicación de prezos privados. Xestión. Instrumentos informáticos ao servizo dos procedementos de aplicación de taxas e prezos. Información na web da Atriga. OVT.

MÓDULO VII

Tema 13: Recadación taxas e prezos. Voluntaria. Medios de pagamento. Executiva. Aprazamento e fraccionamento. Administración electrónica e integración do pagamento dos instrumentos financeiros. Pagamento de taxas e prezos pola OVT.

Tema 14: Rectificación de autoliquidacións e solicitude de devolución de ingresos indebidos. Execución das devolucións de ingresos indebidos.

MÓDULO VIII

Tema 15: Procedementos de revisión: procedementos especiais; recurso de reposición; suspensión.

Tema 16: Reclamación económico-administrativa; suspensión. Revisión da doutrina da Xunta Superior de Facenda.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Relación co posto de traballo certificado polo responsable de persoal

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 28/03/2023 a 20/05/2023

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 25/05/2023 ás 17:30h

DOCENTES NOMEADOS

MARÍA SONIA LAFONT SENDINO

Sofía Cuiña Fernández

Mª DEL MAR VIDAL HERRADOR

MARÍA MERCEDES BUGALLO SÁNCHEZ

DIEGO LOPEZ GARCIA

MARIA JOSE GRELA RODRIGUEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Exame final en liña.